


Biblioteca



Alfabetización informacional

Analizamos a vida da biblioteca, achegámonos a ela e guiámoslos para que a descubran como apoio no seu camiño de aprendizaxe.


Procuramos proporcionarlles estratexias para atopar diferentes tipos de información, poder ser creador e difusor de contidos, crítico e respetuoso co contido que se atopa na rede e o uso que lle imos dar.

Tratarán e investigarán os tipos de licenzas

Propoñemos elaborar un plano da biblioteca, observar como se organiza, entender o sistema de codificación e investigar sobre o seu funcionamento e actividade no centro.

Reflexionamos sobre a busca de información, non todo o que está na rede é certo, temos que curar e profundar nos beneficios do acceso á información.

O traballo final será unha presentación sobre a biblioteca e que máis adiante usaremos para avaliar o desenvolvemento ao longo do curso. A presentación entregárase a través da aula virtual no espazo xa disposta para isto.



Proposta de estándares a traballar

INEINB1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información.

INEINB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.

INEINB1.2.1. Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.

INEINB1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido.

INEINB1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas.

INEINB1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.

INEINB1.4.1. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados.

INEINB1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.

INEINB1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.

Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección

INEINB2.1.1. Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos.

INEINB2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa.

INEINB2.2.1. Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia.

INEINB2.2.2. Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca.

INEINB2.4.1. Usa internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información.

INEINB2.4.2. Utiliza internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.

INEINB2.5.1. Establece un sistema de procura eficaz de información.

INEINB2.5.2. Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web.

INEINB2.5.3. Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo.

INEINB2.5.4. Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.

INEINB2.6.1. Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc.

INEINB2.7.1. Navega por internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.

INEINB2.8.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidades, publicidade, contacto, etc.

INEINB2.9.1. Emprega Galipedia, etc. as creacións colectivas en internet: Wikipedia,

INEINB2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede.

INEINB2.10.2. Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.



O traballo destes estándares dependerá do enfoque final que cada docente elixa polo que poden variar. Esta non deixa de ser unha proposta que pode ser adaptada ás necesidades particulares de cada aula, alumnado ou centro.

